vital

vulnerabilidades climáticas


ENTENDENDO A VULNERABILIDADE SOCIAL AO CAMBIO CLIMÁTICO DESDE UNHA PERSPECTIVA FEMINISTA

CASO GALEGO: ESTUDO SOBRE O ÁMBITO FORESTAL

QUE SE FIXO?

Realizáronse 20 entrevistas a profesionais do sector forestal galego:

- **12 mulleres e 8 homes** entre os **25 e os 62 anos.**
- O instrumento de investigación foi a **entrevista semiestruturada.**
- O tempo medio de cada entrevista: **1,5 horas.**
- Participaron profesionais vinculadas ao sector forestal e a análise **centrouse** nas **tarefas vinculadas á prevención e extinción de incendios.**



Entrevistouse a profesionais das **4** provincias.

1 grupo focal composto por **persoal das brigadas da Xunta:**

2 bombeiros forestais

2 xefas de brigada

QUE RESULTADOS SE OBTIVERON?

As entrevistas estruturáronse en **3 bloques** que buscaban coñecer:

1º Os cambios socio-ambientais que están ocorrendo e que afectan ao traballo.

2º Os impactos que teñen na súa vida.

3º E explorar as estratexias de supervivencia a estos impactos.



1. PRINCIPAIS CAMBIOS SOCIO-AMBIENTAIS IDENTIFICADOS

- Aumento dos monocultivos forestais.
- Abandono do medio rural.
- Aumento da intensidade dos incendios.
- Perda do valor social e cultural do monte.
- Inestabilidade y precariedade laboral do sector en xeral, aínda que con melloras nas brigadas da Xunta nos últimos anos.
- Cambios no clima: aumento de temperaturas, menos chuvias, menos nevadas, ...

2. IMPACTOS NO DÍA A DÍA

- Impotencia, inestabilidade, tristeza, frustración...
- Xénero, procedencia e idade como eixos de exclusión.
- Impactos no corpo (físicos e emocionais).
- Adrenalina vinculada a unha maior exposición aos riscos.

3. ESTRATEXIAS DE SUPERVIVENCIA

- Organización colectiva: compañerismo, sindicalismo.
- Amor polo traballo na natureza.
- Combínase este traballo con outras fontes de ingresos, dentro e fora do sector (ex. apicultura).
- Redes de amizade, familia e asociacionismo local.

ALGUNHAS CITAS...

"É frustrante...loitamos por salvar unha natureza que os de arriba xestionan cada vez con máis eucaliptos e pinares".

"Emocionalmente, estiven fastidiado, porque arderon casas, pero porque me vin desbordado emocionalmente. Dixen: "eu non podo máis".

"(...) dos parámetros que manexábamos cando la eu aos incendios entre o 2003 e 2008 de peligrosidades non teñen nada que ver co que hai agora cos incendios de sexta xeración, absolutamente incontrolable (...)"



"Desde que estudamos ata que nos xubilamos, sabemos que estamos entrando neste sector, pero os traballos están planificados para que os fagan homes."




COMO LLES AFECTA ÁS PERSOAS TRABALLADORAS?


ESFORZO: Onde sinto o esforzo físico e emocional que supón este traballo?

MOTIVACIÓN: Onde sinto todo o que me aporta este traballo?

IMPACTO: Onde sinto o impacto que teñen os incendios forestais?







QUE PROPOSTAS XURDIRON?

CAMBIO DE MIRADA SOBRE A PREVENCIÓN DE INCENDIOS

Rozar como forma de prevención é unha acción insuficiente e puntual. Traballo coordinado entre institucións (a distinto nivel), sectores (gandeiro, agrario e forestal) e políticas.

REVITALIZACIÓN DOS MONTES COMUNAIS E POSTA EN VALOR DO MINIFUNDIO

Unha terra e un monte de xestión comunal e con diversificación de cultivos e saberes.

FORMACIÓN DE RESPONSABLES, BRIGADAS E POBOACIÓN

Os novos incendios e a situación ambiental actual requiren dun coñecemento e coordinación especializada.

EDUCACIÓN E SENSIBILIZACIÓN

Xa non falamos de "coñecer" a natureza, senón de desenvolver un sentido de interdependencia.

Contidos / Araceli Macías, Outonía . Marien González Hidalgo, SLU **Deseño** / Marta Conde, Conxenia

Co apoio de:

Coordina: Realiza:

Pulsa **AQUÍ** se queres engadir información ou comentarios á investigación